

AS DESAGRADECIDAS (E 5): O QUE ESTOUPA

PETRA, CRIADA PARA TODO

Andaina: A situación das empregadas do fogar, e dígo en feminino, arrastra desde hai moitísimos anos discriminacións moi salientables en relación a outros empregos. Por que cres que ocorre?

Carmen Casal : O traballo doméstico é invisible, non se ve. Por tanto, as persoas que traballamos neste sector tamén o somos. Ademais, tal como dixeches ti, somos empregadas, máis do 91 % aquí en Galicia somos mulleres. As mulleres manexámonos mal niso de reclamar para unha mesma. Este é un traballo que se realiza en solitario. Nalgúns casos, se traballas por horas, podes andar de casa en casa sen falar con ninguén; chegas a unha casa baleira, limpas e marchas para outra. Non te comunicas. Só, cando entras en contacto con outras mulleres que traballan no mesmo ca ti. Cando na asociación empezamos a falar das diferenzas con outros sectores é cando caes na conta de que o teu traballo non se valora, de que as traballadoras non temos dereitos, porque, de que vale que eu ou aqueloutra teñamos unhas casas moi boas se no conxunto non se recoñecen os nosos dereitos? Gustaríame coñecer algún home que traballe nisto, eu creo que o trato que se lles dá nas casas é outro. Non imaxino que os mangoneen como fan con nós. A min con 50 anos chamábanme *la chica*.

Ben, os nomes, que afortunadamente xa non se empregan, son pexorativos en si mesmos *criada, mucama, muchacha, chacha, serventa...*, pero os homes que traballaban nisto eran *mordomo, chofer, xardineiro*, aínda que tamén había o *mandadeiro*. Eu acordo aquelas historietas de *Petra, criada para todo*, pero daquela eu non me vía reflectida nese personaxe.

(...)

A: Hai reivindicacións que teñen que ver co cambio de lexislación, como é pasar do Réxime Especial ao Réxime Xeral da Seguridade Social, pero hai outras que teñen que ver co voso traballo cotián, como as resumirías?

CC: no Regulamento do Emprego Doméstico contéplase a posibilidade de facer o contrato oral ou escrito, pois a maioría fai contrato oral. Desde Xiara aconsellamos que, igual que nos demais traballos, a traballadora debería facer un contrato escrito. Ademais nel ten que constar cal vai ser o traballo a desempeñar. Non é igual unha casa sen crianzas que unha casa na que hai nenos. Hai que saber se tes que atender unha persoa maior, dependente, ou se só vas limpar. O coidado de persoas maiores está estipulado como «axuda a domicilio», pero sen embargo entra no traballo como se fose emprego doméstico. Algunhas persoas cando contratan unha empregada cren que teñen a *Petra, criada para todo* e os tempos cambiaron.

Antes ás cidades chegaban as rapazas das aldeas a *servir*, menudo nome. Recomendábanas as leiteiras ou as mestras... Hoxe non teñen empregadas só as familias ricas, agora moita xente que traballa, ten que contratar alguén para poder conciliar vida laboral e vida familiar. Pero niso de carecer de contrato seguimos igual. Outra cuestión son as vacacións. Aínda que temos dereito a elas, moitas mulleres téñenas cando a familia empregadora marcha de vacacións, pero ese mes non llo pagan. Non hai máis denuncias porque hai necesidade do traballo, pero aquí debería funcionar a inspección laboral para impedir tantos abusos. Pasa o mesmo coas pagas extras, temos dereito a dúas pagas extra anuais de quince días (a metade có resto, que as teñen de trinta días), pero, con todo, a moitas non lles pagan.

(Fragmento da entrevista con Carmen Casal, socia fundadora da Asociación de Empregadas do fogar Xiara, asinada por Felicitia Estévez Salazar e publicada no número 58 de Andaina, revista galega de pensamento feminista.)

CLAUDE CHABROL: “PREGÚNTALLE ÁS CLASES BAIXAS SE A GUERRA DE CLASES VAI REMATAR ALGUNHA VEZ!!!”

Pregunta: En certo sentido, o filme supón para ti unha volta ao tema político.

Resposta: Si. O meu último filme político foi *Polo ao vinagre (Poulet au Vinaigre)*. Daquela estaba interesado en amosar a burguesía de provincias da forma máis crúa posíbel, non de xeito agresivo, pero si pretendía que aquela crítica fose unha das características do filme. Despois diso, non atopei ningún fenómeno social que me resultase especialmente estimulante. Só nos últimos dous anos comecei a reconsiderar isto. Tiven unha conversa cun mozo violento que me deixou a sensación de que a sociedade está a piques de estoupar, ou mellor dito de implosionar, porque non se trata dun fenómeno marxinal. Así que decidín tirar proveito dese sentimento para crear algo, malia que non nun estilo documental moi claro. Fixen ben, porque o filme *O odio (La Haine, 1995)*, de Mathieu Kassowitz, xa se encarga diso, e moito mellor do que podería facelo eu. Os nosos filmes parécense en que os dous reflexan o comezo desa explosión. El veo como unha explosión, eu como unha implosión. O mozo violento que mencionei pensaba que as cousas non podían seguir así por moito tempo, tres ou catro anos como moito. Só quedan dous anos para iso!

P: O filme é un relato estilizado sobre a guerra de clases.

R: Si. Lembro un artigo, non me lembro de quen era, trala caída do muro de Berlín, que dicía que unha vez caído o muro, xa non podía haber máis guerra de clases. Iso só o podería dicir alguén con cartos. Pregúntalle ás clases baixas se a guerra de clases vai rematar algunha

vez! *A Cerimonia (La Cérémonie)* foi unha oportunidade para tratar este tema. Unha vez que o guiión está listo, sempre trato de atopar o xeito de engadir algunhas obsesións persoais. Neste caso funcionou. Realmente, o filme retrata unha visión esquemática da guerra de clases.

(fragmento de «The Positif interview», *The Claude Chabrol Project*; Pierre Berthomieu, Jean-Pierre Jeancolas e Claire Vassé, 1995. Tradución de Patricia Janeiro)

REPITE COMIGO. AS CRIADAS DE GENET.

NARRADOR: *Solange diríxese cara á fiestra, abre e sóbese no balcón. Dirá, de costas ao público e cara á noite, o parlamento que segue. Un vento lixeiro move as cortinas.*

(SOLANGE) Sair. Baixar a escaleira grande: a policía acompañaa. Asómense ao balcón para vela camiñar entre os negros penitentes. É mediodía. Leva un facho de nove libras. O verdugo séguea de preto, murmurándolle na orella palabras de amor. O verdugo acompañaime, Clara! O verdugo acompañaime! (*Ri.*) Será levada por unha corte formada polas serventas do barrio, por todos os criados que acompañaron a Clara á súa tumba. (*Mira fóra.*) Levamos coroas, flores, ouriflomas, bandeirolas, facemos dobrar as campás. O enterro avanza coa súa pompa e é fermoso, verdade? Primeiro veñen os *maîtres* de hotel, cos seus fracs sen lapelas de seda. Estes levan as coroas. Despois veñen os lacaios en bombachos curtos e medias brancas, levando tamén as súas coroas. Despois os axudantes de cámara e as doncelas cos nosos estandartes. E detrás os conserxes, e mesmo as delegacións do ceo. Lévoos eu. O verdugo arrólame. Aclámanme. Estou pálida e vou morrer.

Regresa.

Cantas flores! Fixémoslle un bonito enterro, verdade? Clara! (*Rompe a chorar.*) Inútil, señora, obedezco á policía. Só ela me entende. Ela tamén pertence ao mundo dos réprobos. Agora somos a Señorita Solange Lemercier. A Lemercier. A famosa criminal. (*Cansa.*) Clara, estamos perdidas.

CLARA *Queixosa, coa voz da Señora.* Peche a fiestra e as cortinas. Ben.

SOLANGE É tarde. Todo o mundo está deitado. Imos parar.

CLARA *Mandando calar coa man.* Clara, sírvame a tila.

SOLANGE Pero...

CLARA Dixen que quero a miña tila.

SOLANGE Estamos mortas de cansazo. Hai que parar.

CLARA. Ai, non! Cre vostede, miña criada, que se vai librar así porque así! Sería demasiado fácil conspirar co vento e facer da noite a súa cómplice.

SOLANGE Pero...

CLARA Non discutas. Tócame a min mandar nestes últimos minutos. Solange, vasmе vixiar.

SOLANGE Non, non! Estás tola. Imos marchar! Axiña, Clara, non podemos ficar. O piso está envelenado.

CLARA Fica aí.

SOLANGE Clara, non ves que débil estou? E o pálida que estou?

CLARA Es unha estúpida. Obedéceme. Estamos no límite, Solange, e imos ir ata a fin. Estarás soa para vivir as nosas dúas existencias. Vaiche facer falla moita forza. Ninguén saberá no cárcere que te acompaño ás agachadas, e sobre todo, cando te condenen, non esquezas que me levas dentro de ti, un xesto precioso. Seremos fermosas, libres e felices, Solange, non nos queda nin un minuto que perder. Repite comigo...

SOLANGE Fala, pero a modo.

CLARA *Mecánica.* A señora deberá tomar a súa tila.

SOLANGE *Dura.* Non, non quero.

CLARA *Agarrándoa polos pulsos.* Lurpia! Repite. A señora tomará a súa tila.

SOLANGE A señora tomará a súa tila...

CLARA Porque ten que durmir...

SOLANGE Porque ten que durmir...

CLARA E eu teño que velar por ela...

SOLANGE E eu teño que velar por ela...

CLARA *Deitándose na cama da Señora.* Repito. Non me interrompas máis, óesme? Obedeces? Repito! A miña tila!

SOLANGE *Dubidando.* Pero...

CLARA Digo que a miña tila!

SOLANGE Pero señora...

CLARA Ben, sigue.

SOLANGE Pero señora, está fría.

CLARA Vouna beber igual. Dáme. *Solange dálle a cunca.* E puxéchela no servizo máis luxoso e máis precioso.

NARRADOR. *Colle a cunca e bébea mentres Solange, de cara ao público, fica inmóbil, coas mans cruzadas coma se estivesen esposadas. PANO.*

SEN SIGNOS DE DELIRIO

En 1933, Jacques Lacan publicaba en Minotaure un artigo titulado "Motivos do crime paranoico", a raíz do crime que inspirou a Genet: o asasinato por parte de Catarina e Léa Papin das súas señoras. Aquí temos un extracto tirado da introdución de Rosa de Diego á edición d'As criadas de Galaxia.:

As dúas irmás, de 21 e 28 anos, traballaban dende había anos como criadas na casa dunha honorable familia burguesa nunha pequena cidade de provincias. Criadas modelo, díciase, unhas xoias para os traballos da casa; criadas misteriosas, tamén, porque se os señores carecen estrañamente de toda manifestación de afecto humano, nada nos permite afirmar que a indiferenza das altivas criadas non fose máis que unha mera resposta a esa actitude. Entre ambos grupos non había comunicación ningunha. É un silencio que non podía estar baleiro, mesmo se era escuro e incomprendible. Unha noite, o 2 de febreiro, esta escuridade materializase no feito banal dunha avaria e dun apagón eléctrico. Unha torpeza das irmás foi a causa que o provocara; os xefes, ausentes, xa demostraran noutras ocasións de menor importancia o seu mal xenio. ¿Que dixeron a nai e máis a filla cando, ao seu regreso, descubriron este insignificante desastre? Sexa como for, o drama desatouse de inmediato en forma de ataque, e resultou difícil admitir unha versión diferente da que ofreceron as irmás; que fora un ataque repentino, compartido, levado ata o paroxismo: cada unha atacou a súa adversaria, sacoulle os ollos das súas órbitas, e acabou matándoa -algo inaudito, díxose, nos anais de crimes-. Despois, coa axuda do que puideron atopar ao seu alcance, martelos, picheis, coitelos, lanzáronse sobre os corpos das súas vítimas, esmagándolles a cara; e, espindo o seu sexo, esgazaron as carnes, coxas e nádegas dunha, para encher con aquel sangue que deitaba as feridas da outra. Lavaron despois os instrumentos destes ritos atroces, purificáronse e deitáronse na mesma cama. "Xa está todo limpo!" Esta é a fórmula que intercambiaron e que pareceu dar o ton neutro, sen emoción nin sentimento, tras aquela orxía sanguenta. Non ofreceron perante o xuíz ningún outro motivo comprensible, non manifestaron ningún odio, ningunha queixa contra as súas vítimas: a súa única preocupación foi compartir totalmente a responsabilidade do crime. Apareceron, ante os exames de tres médicos expertos, sen signos de delirio ou demencia, sen ningún trastorno físico nin psíquico."

■ PROYECCIONES

Entrada de balde | Bono-axuda: 1 euro

Mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21)
<http://cineclubedecompostela.blogaliza.org>

■ ASOCIACIÓN: O Cineclube de Compostela tenta ser unha asociación autoxestionada.

Cota mensual traballadores/as: 5 e. // Cota mensual para estudantes e parados/as: 3 e. // Socios/as protectores/as: 75 e./ano